

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2011

Sr. Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar:

Ante as informacións recibidas na nosa organización no referente á falta de substitucións de certos períodos vacacionais das traballadoras e traballadores do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, concretamente nas Galescolas, poñémonos en contacto con vostede para **demandar que de inmediato dea ordes de substituír a todas as traballadoras e traballadores nos seus períodos vacacionais**, sen excepcións nin desculpas de ningún tipo.

Esta falta de substitucións non fai máis que sobrecargar as condicións de traballo das traballadoras e traballadores do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, xa por si complicadas debido a ausencia de negociación e ao abandono ao que están sometidas e sometidos.

Aproveitamos para lembrarlle que temos solicitado unha entrevista desde o pasado mes de decembro. Agardamos, polo tanto, ser recibidos á maior brevidade posíbel.

Un cordial saúdo,



Anxo Louzao Rodríguez
Secretario Nacional da CIG-Ensino